Eventos científicos	Invitación de expertos da comunidade para desenvolver na aula temas relacionados coa materia. Asistencia a xornadas e congresos científicos que aporten ampliación de coñecementos
Saídas de estudo	Cando as circunstancias l permitan organizaranse visitas a entidades ou institucións relacionadas cos contidos da Asignatura.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	As alumnas e alumnos recibirán apoio individual de xeito sistemático e continuo dos traballos que se lle proponen na materia, en aula e tutoría.
Seminario	Os grupos de traballo Terán supervisión da profesora da súa actividade grupal

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas obxectivas	PARA AVALIACIÓN CONTÍNUA E GLOBAL O exame consistirá nunha proba tipo test de 40 preguntas de resposta única (con 2 alternativas) sobre a materia teórica desenvolta nas sesións maxistrais. Deberán obter unha nota de aprobado para poder sumar ó resto dos apartados de avaliación. PESO 40 %	40	C3	D1	
			C5	D2	
			C6	D3	
			C8	D8	
			C10	D9	
			C13	D10	
			C14	D11	
			C15	D12	
			C17	D14	
			C19	D15	
			C22	D16	
			C23	D17	
			C24	D18	
			C25	D19	
				D20	
				D21	
				D22	
				D23	
				D24	
Exame de preguntas de desenvolvemento	PROBA B PARA AVALIACIÓN CONTÍNUA 20% Dinámica, asistencia e presentación en prazo PROBA B PARA AVALIACIÓN GLOBAL Deberán responder a 4 preguntas abertas cortas sobre a/as lecturas prácticas encomendadas. PESO 20%	20			
Resolución de problemas e/ou exercicios	MODALIDADE CONTÍNUA E GLOBAL Entrega en prazo e corrección dos exercizos requeridos Peso 40%	40	A1	B2	C6
			A3	B3	C15
			A4		
			A5		
					D1
					D2
					D3
					D8
					D9
					D11
					D14
					D17
					D18
					D19

Outros comentarios sobre a Avaliación

a. En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

b. As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico pero de non superar finalmente a materia non se gardarán para anos vindeiros.. As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/education-ou7web7index.php>) no espazo "exames 2023-2024". En ningún caso faranse exames parciais ou modificación de datas oficiais.

RECOMENDACIÓNS: Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

DU RANQUET, M, **Los modelos en trabajo social. Intervención con personas y familias**, S.XXI,
 DE LA RED, N., **Aproximaciones al trabajo Social**, Consejo General de Colegios Oficiales de diplomados en trabajo social y asistentes sociales,
 FERNÁNDEZ- GARCÍA, T., **Fundamentos del trabajo social**, Alianza Editorial,
 HOWE, D., **Dando sentido a la práctica. Una introducción a la teoría del Trabajo social.**, Editorial Maristán.,
 PAYNE. M., **Teorías Contemporáneas del Trabajo Social.**, Narcea.,
 ROBERTIS, C., **Metodología de la Intervención en Trabajo Social.**, Ateneo,
Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Conceptos, teorías e métodos en traballo social/O05G220V01302

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Organización dos servizos sociais/O05G220V01205

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución ao traballo social/O05G220V01105

Outros comentarios

Recomendacións para superar a materia:

- 1.-Traballar e estudar de xeito continuado mellora notablemente a superación da materia, xa que é unha asignatura que require asentar e comprender de forma paulatina os contidos.
- 2.-Leer os temas da sesión maxistral previamente a mesma, co fin de mellorar a comprensión da explicación xeral do profesorado, asíñ como traer elaboradas as dúbidas a aula para poder resolvelas en función das necesidades do alumnado.
- 3.-Levar o día as actividades planificadas para cada seminario.
- 4.-Non saltarse as pautas da organización do traballo tutelado.
- 5.-Plantexar as dúbidas sobre calquer aspecto da materia o profesorado, tanto na aula (en relación os contidos e exercicios) como nas titorías de despacho (para outros aspectos relacionados coa materia ou para afondar en dúbidas que por cuestión de tempo non sexa posible facelo na aula).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Organización dos servizos sociais				
Materia	Organización dos servizos sociais			
Código	005G220V01205			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Sánchez Roura, María Begoña			
Profesorado	Aguiar Fernández, Francisco Javier Salgado Rodríguez, Eva María Sánchez Roura, María Begoña			
Correo-e	begona.sanchez.roura@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O sistema público de servizos sociais destinado a garantir unhas prestacións básicas ante situacións de necesidade ten unha identidade, normativa, estrutura, competencias, financiación etc. propias, e xunto con outros sistemas de protección social constitúese nun dos piares fundamentais do estado de benestar, sendo este sistema público un dos ámbitos principais de intervención do traballo social.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a existencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
C5	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
C8	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
C13	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
C14	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades

C16	Establecer, minimizar e administrar o risco cara a un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco
C20	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
C21	Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
C23	Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
C25	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
D14	Habilidades nas relacións interpersoais
D15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D19	Adaptación a novas situacións
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer e comprender a organización, estrutura xeral, mecanismos de actuación e as principais prestacións e programas que configuran o Sistema Público de Servizos Sociais	A1	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C3 C5	
Promover cambios favorables na vida dos individuos e familias a traveso da administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.	A2	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C2 C3 C5 C8 C13 C14 C16 C20	D1 D2 D3 D4 D8 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D24
Participar na xestión e dirección de entidades de benestar	A3 A4	B3 B5	C1 C2 C3 C5 C20 C21 C23 C25	D1 D2 D3 D4 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D24

Analizar y sistematizar la información que proporciona el trabajo cotidiano; administrar y ser responsable de su propio trabajo.	A5	B2 B4 B5	C2 C3 C14 C16 C20	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D14 D15 D16 D17 D18
Coñecer as funcións profesionais do/a traballador/a social na xestión dos servizos sociais e a participación nos mesmos das organizacións públicas e privadas.	A4	B2 B3 B4	C1 C2 C3 C5 C8 C13 C16 C20	D1 D2 D4 D9 D10 D16 D18

Contidos

Tema	
O sistema público de servizos sociais.	Marco conceptual: natureza, obxectivos e prestacións básicas.
A organización territorial e competencial do sistema público de servizos sociais	Competencias estatais, autonómicas e locais.
A rede de atención dos servizos sociais	Ámbito público. Ámbito privado. Terceiro sector.
Marco normativo xeral dos servizos sociais	Contexto internacional. Contexto europeo. Normativa estatal. Normativa autonómica. Normativa local.
O sistema de servizos sociais na comunidade autónoma galega	Organización e estrutura.
Os servizos sociais comunitarios básicos e específicos	Organización, xestión e estrutura. Funcións do T.S.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Saídas de estudo	7	1	8
Presentación	2	6	8
Seminario	3	6	9
Traballo tutelado	3	9	12
Actividades introdutorias	1	1	2
Traballo tutelado	6.5	6.5	13
Lección maxistral	22	44	66
Exame de preguntas obxectivas	2	30	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Saídas de estudo	Visitas a institucións prestadoras de servizos sociais.
Presentación	Exposición, por parte do alumnado, ante o docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio ou proxecto. Pódese levar a cabo individualmente ou en grupo.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Empregaranse como complemento das clases teóricas.
Traballo tutelado	O estudantado, de xeito individual ou en grupo, elaborará aqueles exercicios que se lle encomende relacionados coa temática da materia e coa súa aprendizaxe, será supervisado e tutelado polo profesor sobre o que se refire á procura e recollida de información, á lectura e manexo de bibliografía, á redacción, á presentación, á exposición etc.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto, reunir información sobre o alumnado e a presentar a metodoloxía docente, a avaliación e os contidos xenéricos da materia.
Traballo tutelado	O/A estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión dos docentes.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos, bases teóricas e/ou directrices sobre a materia obxecto de estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Traballo tutelado	En pequeno grupo o alumnado elabora un documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre a organización dun Departamento de Servizos Sociais, entre outros, baseado na materia impartida e seguindo a lexislación vixente. Inclúirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, contextualización, redacción, valoración-conclusións. Valorarase especialmente o uso da linguaxe inclusiva e non discriminatoria en calquera dos ámbitos de intervención. Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo, supervisión de traballos e exposición na aula.
-------------------	---

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Inclúese neste epígrafe a diversidade de traballos encargados que forman parte do sistema de avaliación continua (lectura e defensa de artigos profesionais, libros da bibliografía básica, supostos prácticos...). Valorarase cada un dos traballos solicitados e presentados polo/a estudante de xeito individual e/ou en grupo. Terase en conta a presenza e participación activa na aula Cómpre ter aprobada esta parte para facer media coa nota obtida na proba tipo test. Solicitarase un dossier individual no que se inclúan todas as prácticas, exercicios e traballos realizados. Considerarase parte do seguemento avaliable da parte práctica da materia a realización de probas aleatorias (resposta por escrito a preguntas; pequenos test...) tendentes a comprobar na aula a realización dos traballos e encargos solicitados. A nota da parte práctica da materia só fará media coa nota da parte teórica (exame) se é igual ou superior a 3.	30	B1 C1 D1 B2 C2 D2 B3 C3 D3 B4 C13 D4 B5 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D24
Traballo tutelado	Por grupos o estudantado elabora un documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre a organización dun Departamento de Servizos Sociais, entre outros, baseado na materia impartida e seguindo a lexislación vixente. Inclúirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, contextualización, redacción, valoración-conclusións. Valorarase especialmente o uso da linguaxe inclusiva e non discriminatoria en calquera dos ámbitos de intervención. Asesoramento por parte do/a docentes na aula e en titorías grupais. Asemade, outros traballos en grupo, supervisión de traballos e exposicións na aula.	30	A3 B1 C1 D1 A4 B2 C2 D2 A5 B3 C3 D3 B4 C5 D4 B5 C8 D8 C13 D9 C14 D10 C16 D11 D12 D14 D16 D17
Exame de preguntas obxectivas	O estudantado examínase da parte teórica da materia desenvolta nas sesións maxistras e nos seminarios. A nota obtida no exame da parte teórica será o 40% da nota total e só fará media coa nota da parte práctica se é igual ou superior a 2 puntos (una vez ponderados). Para o alumnado de avaliación continua, o exame constará de 40 preguntas con catro alternativas de resposta, das cales só unha é verdadeira. Cada tres respostas incorrectas invalidarase unha resposta correcta. O corte do aprobado sitúase en 20.	40	A1 B1 C1 A2 B2 C2 B3 C3 B4 C5 B5 C8 C13 C14 C16 C20

Outros comentarios sobre a Avaliación**Descrición da avaliaciónAvaliación continua:**

- A avaliación das/os estudantes matriculadas/os en a materia farase atendendo aos criterios explicados na guía docente.
- A avaliación continua implica unha asistencia mínima a un 80% das aulas. A planificación do proceso ensino-aprendizaxe exige a presenza do estudantado nas actividades prácticas que se desenvolverán durante o curso, en especial naquelas relacionadas coa adquisición de competencias relativas ao saber facer e ao saber ser (procedementais e actitudinais). Subliñar que non chega con estar na clase (física ou virtual) nin que o que se avalía é a simple "asistencia" á aula física, senón que o avaliable son os resultados do proceso ensino-aprendizaxe reflectidos nos exercicios e actividades ben realizados e a participación activa e pertinente nas clases presenciais ou virtuais. Por tanto esixiráselle ao estudantado a súa presenza nas actividades ao longo do curso(verificable con listaxes de asistencia) non podendo faltar a máis do 20 por cento do total de horas presenciais.
- A avaliación será preferentemente continua, o estudantado que renuncie á avaliación continua poderá optar pola

avaliación global. Deberá comunicalo ao docente no prazo establecido.

Avaliación global:· Proba, práctica, exercicio, presentación etc. (30%) Consistirá na elaboración e entrega dun documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre a organización dun Departamento de Servizos Sociais, entre outros, baseado na materia impartida e seguindo a lexislación vixente. Inclúirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, contextualización, redacción, valoración-conclusións. Valorarase especialmente o uso da linguaxe inclusiva e non discriminatoria en calquera dos ámbitos de intervención.

· Proba de preguntas obxectivas etc. (40%) A parte teórica da materia consistirá na mesma proba tipo test establecida para o alumnado asistencial (40 preguntas con catro alternativas de resposta, das cales só unha é verdadeira, no que cada tres respostas incorrectas invalidarase unha correcta).· Proba, práctica, resolución, exame de preguntas de desenvolvemento etc. (30%) Consistirá en responder os contidos conceptuais, actitudinais e procedementais desenvolvidos ao longo do curso e que pode adquirir a través da bibliografía e a preparación dos traballos tutelados que se lle encargan ao alumnado asistencial. Neste sentido, na parte práctica poderanse incluír preguntas a desenvolver e supostos relacionados cos artigos, supostos e #práctica desenvolvidas na materia.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (2ª oportunidade)

As probas (parte teórica o parte práctica) superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª oportunidade, considerándose aprobadas nese curso académico. Non se gardarán notas dun curso a outro.

A 1ª oportunidade, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva na convocatoria extraordinaria.

MODALIDADE de AVALIACIÓN GLOBAL e CURSO PONCHE

As e os estudantes que decidan optar pola avaliación global e Curso Ponche, deberán poñerse en contacto coa profesora para notificar esta opción a comezos de curso e sempre antes do prazo establecido.

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado non asistencial e do curso ponche garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponche ou profesionais en exercicio.

Outros comentarios para ter en conta na avaliación

Non se gardarán notas de ningunha parte da materia para o seguinte curso académico. Esixírase que o estudantado saiba escribir correctamente e sen faltas ortográficas (acentos gráficos e abreviaturas incluídas), que saiba ler comprensivamente, analizar e sintetizar así como resumir o lido ou escoitado nas aulas. Tamén se espera que saiba expresarse con corrección e #de acordo con o nivel que esixe un ciclo universitario usando unha terminoloxía idónea a este rexistro lingüístico. Todo isto constituirá parte da avaliación do alumnado e, en todo caso, terá que reflectirse nolos seus exercicios e no exame. O plaxio supón de inmediato o suspenso da materia. A materia pode ser estudada por completo cos materiais existentes en Moovi e co asesoramento das docentes a través dos seus correos electrónicos ou de titorías presenciais ou virtuais, previa cita.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade (<http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/exames/>) no espazo 'Exames 2023-24'

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alemán Bracho, C., Fernández, T., **Introducción a los Servicios Sociales**, UNED, 2004

Santos Martí, J., **El cuarto pilar. Un nuevo relato para los servicios sociales.**, CGTS - Paraninfo, 2012

Vercouttes, J., **Servicios Sociales: organización y planificación**, Diego Marín, 2011

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Servizos sociais especializados I/O05G220V01304
Servizos sociais especializados II/O05G220V01406

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Epistemoloxía do traballo social/O05G220V01204

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos dos servizos sociais/O05G220V01104

Introdución ao traballo social/O05G220V01105

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

DATOS IDENTIFICATIVOS**Psicoloxía: Desenvolvemento humano no ciclo vital**

Materia	Psicoloxía: Desenvolvemento humano no ciclo vital			
Código	O05G220V01301			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Sepúlveda Gradín, Juan Vicente			
Profesorado	Sepúlveda Gradín, Juan Vicente			
Correo-e	sepulveda@edu.xunta.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten a finalidade de asentar coñecementos básicos sobre o desenvolvemento psicolóxico ao longo do ciclo vital. É unha materia de carácter básico que se imparte no segundo curso tras haber cursado unha aproximación xenérica á psicoloxía a partir da materia Psicoloxía básica.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a existencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C22	Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
C24	Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D14	Habilidades nas relacións interpersoais
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D19	Adaptación a novas situacións
D23	Motivación pola calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Coñecer as principais teorías e modelos do desenvolvemento.	A1 A2 A3 A5	B1	C22 C24	D1 D4 D9 D10 D16
2. Fomentar hábitos de traballo que permitan o desenvolvemento dun sistema persoal de traballo autónomo.	A2 A3 A4	B1 B6	C1 C22	D2 D11 D18 D19 D23
3. Favorecer a utilización de recursos e instrumentos proporcionados polas disciplinas psicolóxicas para a súa aplicación.	A1 A2 A3	B1 B2	C2 C22	D1 D4 D16 D18 D23
4. Desenvolver unha actitude de cooperación, respecto, tolerancia e compromiso tanto no seu traballo como alumno como na súa conduta profesional posterior.	A2 A4 A5	B1 B6	C2 C22 C24	D8 D11 D14 D17

Contidos

Tema	
1. Concepto de desenvolvemento.	Precisións conceptuais. Modelos teóricos explicativos do desenvolvemento. Principais teorías sobre o desenvolvemento. Os grandes problemas conceptuais: o papel da herencia, o medio e os períodos críticos
2. Desenvolvemento físico e motor.	Factores que afectan ó desenvolvemento do feto. Primeiras condutas do recém nacido. Bases do desenvolvemento psicomotor. Desenvolvemento físico e progresos no autocontrol.
3. Desenvolvemento cognitivo, intelectual, social e da personalidade; propostas para a súa promoción.	Desenvolvemento cognitivo Desenvolvemento sensorial, atencional e da percepción. A memoria e a utilización de estratexias. Aparición e desenvolvemento da linguaxe. Desenvolvemento da intelixencia Precisións conceptuais. Teoría de Piaget: Período sensoriomotor, preoperatorio, operacional concreto, operacional formal. Desenvolvemento da personalidade. Desenvolvemento afectivo: o apego. Factores da personalidade. A adopción do sexo. O desenvolvemento moral. As relacións sociais. Os procesos de socialización. O xogo e a súa influencia no desenvolvemento.
4. A adolescencia, a idade adulta e a terceira idade: estudo de ditas etapas e desenvolvemento positivo nas mesmas.	A adolescencia. Precisións conceptuais. Cambios biolóxicos e psicolóxicos. Adolescencia idade de conflitos. Principais problemas adolescentes. A identidade persoal. Adaptación social. A idade adulta. Precisións conceptuais. A personalidade. Desenvolvemento intelectual. Familia e traballo. Homosexualidade e adopción. O traballo. A terceira idade. Mitos sobre o envellecemento. Cambios físicos. Personalidade e concepto do [eu]. Aprendizaxe e memoria. A xubilación. A morte como tema evolutivo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	73.5	96
Traballo tutelado	23.5	24.5	48
Foros de discusión	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos do temario da materia obxecto de estudo.
Traballo tutelado	Presentación das directrices para a realización dun traballo de investigación no eido do Traballo Social. Traballo dos alumnos baixo a supervisión do profesor sobre ditos traballos de investigación.
Foros de discusión	Actividades de análise, reflexión e debate sobre distintas cuestións do desenvolvemento humano e a súa importancia para o exercicio profesional. O profesor plantexará un tema e abrirá un debate sobre o mesmo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Os alumnos poden asistir ás titorías para plantear as dúbidas que teñan.
Foros de discusión	Nas titorías poden resolver as dúbidas.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Aconséllase aos alumnos facer unha revisión das súas respostas coa axuda do profesor.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Nas sesións de grupos medianos se elaborará o guión para a realización das prácticas sobre os distintos contidos da asignatura. Asistencia obligatoria ó 80% das sesións e entrega dos informes das prácticas propostas por o profesor. A principio de curso entregarase o temario e o calendario das prácticas.	40	A1 A2 A3 A4	B1 B6 C24	C2 C22 D4	D1 D2 D8 D9 D10 D11 D18 D19
Foros de discusión	Os alumnos entregarán informes escritos sobre as actividades realizadas nos pequenos grupos.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B6 C24	C1 C2 C22 D10	D1 D8 D9 D16 D17
Resolución de problemas e/ou exercicios	O exame consistirá en responder por escrito a unha serie de preguntas (entre quince e vinte) sobre os contidos impartidos tanto nas sesións maxistras como nos medianos e pequenos grupos. As preguntas serán calificadas con 1 ou 0 puntos.	40	A1 A2	B2 C24	C22 D4	D1 D9 D16 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos poderán escoller unha das modalidades de avaliación. Os que elixan a modalidade de Avaliación Global deben indicalo por escrito ao profesor no mes de setembro. De non facelo incluíráselles na avaliación continua.

AVALIACIÓN CONTINUA:

O sinalado no apartado anterior.

AVALIACIÓN GLOBAL:

A avaliación da parte teórica realizaranse nas datas oficiais de exame para cada oportunidade de avaliación establecida no calendario académico.

Os traballos dos Grupos B: os alumnos realizarán dous traballos. O primeiro será presentado a finais de outubro e o segundo en decembro.

Os traballos tutelados dos Grupos C: entregarán nas mesmas datas do parágrafo anterior os ensayos sobre os temas propostos polo profesor a principios de curso.

As porcentaxes son as mesmas que no caso de avaliación continua.

As partes da materia superadas na convocatoria ordinaria non serán obxecto de avaliación na segunda convocatoria, considerándose aprobadas nese curso.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza á Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presenta o alumnado adscrito ao programa PIUNE

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Palacios, J, Marchesi, A. e Coll, C., **Desarrollo psicológico y educación: Vol. I. Psicología Evolutiva**, 2ª ed., Alianza Editorial, 1999

García Madruga, J.A. e Pardo, P., **Psicología Evolutiva, Vol. 2**, UNED, 1997

Craig, Grace J., **Desarrollo psicológico**, 8ª ed., Pearson, 2001

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía básica/O05G220V01103

Psicoloxía: Métodos e técnicas de investigación social/O05G220V01403

Outros comentarios

A asistencia a clase facilita en gran medida a superación da asignatura.

Aconséllase aos alumnos non presencias asistir a titoría para comentar os contidos tratados nas clases.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS)

DATOS IDENTIFICATIVOS**Conceptos, teorías e métodos en traballo social**

Materia	Conceptos, teorías e métodos en traballo social			
Código	O05G220V01302			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Méndez Fernández, Ana Belén			
Profesorado	Méndez Fernández, Ana Belén			
Correo-e	anabel@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Trátase dunha asignatura de carácter obrigatorio, incluída no módulo do título de grao denominado: OTraballo Social, conceptos, métodos, teoría e aplicación. Dentro deste sitúase na materia denominada: Métodos, modelos e técnicas de Traballo Social. Ten por obxectivo principal que o alumnado se achegue a intervención profesional do Traballo Social, coñecendo e analizando o seu concepto tanto clásico como dende unha perspectiva crítica. Para operar de forma científica na profesión de Traballo Social é imprescindible que o alumnado coñeza, manexe e analice as diferentes perspectivas teórico-metodolóxicas da disciplina para garantir unha adecuada intervención. Sin olvidar que calquera perspectiva empregada debe estar en consoancia có respecto os Dereitos Humanos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a existencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
C4	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
C5	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención

- C6 Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
- C7 Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)
- C8 Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
- C9 Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
- C10 Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes
- C13 Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
- C15 Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
- C17 Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
- C19 Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
- C22 Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
- C23 Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
- C24 Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
- D1 Capacidade de análise e síntese
- D2 Capacidade de organización e planificación
- D3 Capacidade reflexiva
- D4 Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
- D6 Coñecemento da cultura propia da comunidade
- D7 Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías
- D8 Capacidade de xestión da información
- D9 Resolución de problemas
- D10 Toma de decisións
- D11 Traballo en e con equipos diversos
- D12 Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
- D14 Habilidades nas relacións interpersoais
- D15 Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
- D16 Razoamento crítico
- D17 Compromiso ético
- D18 Aprendizaxe autónoma
- D19 Adaptación a novas situacións
- D20 Creatividade
- D21 Liderado
- D22 Iniciativa e espírito emprendedor
- D23 Motivación pola calidade
- D24 Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación
e Aprendizaxe

1.-Coñecer e comprender os conceptos básicos da intervención profesional tanto intrínsecos como extrínsecos, así como a dimensión ideolóxica implícita na intervención e a metodoloxía profesional.	A3	B1 B2 B3 B4	C3 C5 C22 C24	D1 D3 D8 D15 D16 D17 D18 D23 D24
2.-Coñecer e comprender críticamente as diferentes perspectivas teóricas e metodolóxicas en Traballo Social e a súa repercusión na práctica profesional.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B6	C1 C2 C3 C4 C5 C8 C13 C22 C23	D1 D2 D3 D4 D7 D8 D9 D10 D11 D14 D15 D16 D18 D19 D20 D21 D22 D23 D24
3.-Ser capaz de analizar a natureza das relacións entre profesionais, usuarios e as potencialidades e dificultades que as marcan, tendo en conta aspectos relativos ao xénero, a clase e a diversidade cultural e as súas implicacións metodolóxicas		B1 B3	C2 C3 C6 C7 C8 C13 C22 C24	D3 D11 D14 D17 D19 D21 D23 D24
4.-Coñecer e ser capaz de aplicar as diferentes fases do proceso metodolóxico da intervención profesional e a súa interrelación coa teoría, obxeto e fines do Traballo Social.		B2	C2 C3 C4 C5 C6 C9 C10 C17	D1 D2 D3 D6 D8 D15 D16 D18 D23 D24
5.-Ser capaz de identificar as situacións de risco e crise e priorizar a toma de decisións na aplicación do proceso metodolóxico.		B1	C3 C5 C15 C24	D1 D2 D3 D8 D9 D10
6.-Coñecer os modos de implicar aos usuarios/as dos servizos de Traballo Social para incrementar os seus recursos, a súa capacidade e o seu poder para influir nos factores que afectan a súa vida e na súa toma de decisións.		B3	C2 C6 C8 C13 C23 C24	D1 D3 D6 D8 D14 D15 D16 D17 D21 D24

7.-Ser capaz de analizar e valorar as consecuencias das distintas tomas de decisións no momento de seleccionar e aplicar as diversas opcións metodolóxicas.	B2	C3 C5 C10 C13 C15 C17 C19 C24	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D12 D16 D17 D24
8.-Adquirir habilidades básicas para coñecer, comprender e aplicar unha terminoloxía axeitada as diferentes perspectivas teórico-metodolóxicas.	A3 B6	C10 C22 C23	D1 D2 D3 D8 D16 D17 D23 D24
9.-Adquirir habilidades básicas para analizar, contextualizar e avaliar críticamente os textos e documentos científicos relacionados coa teoría e metoloxía da intervención profesional.		C22 C23	D1 D2 D3 D8 D18 D22 D23
10.-Adquirir habilidades básicas para aplicar a autocrítica en ideas, comportamentos e habilidades personales/sociais para evitar a interferencia nas aplicacións metodolóxicas.	B6	C10 C23 C24	D1 D3 D8 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D23 D24
11.-Analizar e comprender de forma crítica o uso dos recursos sociais na intervención profesional.	B6	C3 C10 C24	D1 D8 D10 D12 D16 D23 D24

Contidos	
Tema	
1.-Conceptos, características e contextos da intervención profesional en Traballo Social.	Non hai.
2.-Método e metodoloxía en Traballo Social: Definicións e conceptos.	Non hai.
3.-Aproximación ás diferentes perspectivas teóricas e metodolóxicas na intervención profesional.	Non hai.
4.-O proceso metodolóxico en Traballo Social. Estudio detallado e aplicacións dos compoñentes básicos. A utilización dos recursos sociais na intervención profesional. Os recursos sociais como medio e no como fin.	Non hai.
5.- Implicación dos usuarios dos servizos de Traballo Social. Participación, potenciación, defensa e acompañamento.	Non hai.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	0	22.5
Seminario	22.5	34	56.5
Traballo tutelado	0	45	45

Exame de preguntas obxectivas	1.5	19	20.5
Debate	1	4.5	5.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición xeral por parte da profesora dos contidos da materia. A fin de garantir e mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe o alumnado deberá leer previamente os contidos que se desenvolverán en cada sesión e elaborará un documento coas dúbidas surtidas durante a lectura dos mesmos, promovendo así sesións interactivas e que respondan as necesidades concretas do alumnado.
Seminario	Empregaránse como complemento das sesións maxistrais. Consistirán en lectura previa de textos e documentos para ser debatidos e expostos nas sesións. Así como análise e resolución de exercicios prácticos que garanticen a integración teórico-práctica da asignatura. Si se considera oportuno para o desenvolvemento dalgunha cuestión concreta traerense expertos a aula.
Traballo tutelado	O alumnado deberá leer, analizar, comprender, e extraer conclusións dun libro (ou conxunto equivalente de artigos) relacionado coas competencias e contidos da materia, así como manexo de bibliografía complementaria relacionada. Esta actividade terá carácter autónomo e será grupal. Ten como obxectivo principal a familiarización coa literatura profesional, a aprendizaxe colaborativa en grupos, búsqueda de información en bases de datos, presentación por escrito e capacidade de argumentación e defensa de carácter académico-científico. Para poder proceder a súa presentación e avaliación a profesora marcará a inicios de curso o procedemento obrigatorio de supervisión previa, así como o cronograma das entregas das distintas tarefas e entrega final.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
